



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 27 DE NOVEMBRO DE 2020

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2020/00001877B.

RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA. Ratifícase a urxencia

2. CONTRATACIÓN. Referencia: CONVENIO TURISMO.

APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO DO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO, AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA NA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Apróbase o modelo de convenio do Plan de Sostibilidade Turística, no que a aportación municipal queda condicionada á entrada en vigor da modificación de crédito aprobada no Pleno do día 17 de novembro de 2020 (actualmente en trámite de exposición pública), mediante a publicación da súa aprobación definitiva.

Adóptase o compromiso de incluír no proxecto de orzamentos, para aprobación polo Pleno, dos anos 2021 e 2022 as contías comprometidas e reflectidas no texto do convenio, cuxas achegas por parte do Concello de Santiago de Compostela, son as que se detallan:

- Anualidade 2021: 400.000 euros.
- .Anualidade 2022: 400.000 euros.

3. ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN RELACIÓN COA CAÍDA DE PARTE DO MURO DA FINCA DO PAZO DE SAN LORENZO

Tomouse coñecemento dos informes técnicos emitidos en relación co derrubo de parte do muro da finca do Pazo de San Lourenzo; e tendo en conta a existencia de catro familias afectadas, dispor que polos servizos municipais competentes, Proxectos e Obras, Medio Rural, Tráfico e Seguridade Cidadá e Urbanismo; se adopten, con carácter de emerxencia, as medidas que procedan, ben sustentando o muro, ben habilitando un acceso alternativo pola Rúa dos Asidros.